

1. Le, en voz alta, o seguinte texto.

O DESASTRE DO PRESTIGE.

No mes de novembro no ano 2.002 un buque que transportaba petróleo chamado *Prestige* afundiuse frente ás costas galegas, ocasionando un derrame de petróleo que provocou un dos maiores desastres naturais de España.

O barco accidentouse o 13 de novembro nunha tormenta mentres viaxaba fronte á Costa da Morte (A Coruña). Tras varios días de maniobras para intentar alonxalo de Galicia, o 19 de novembro o barco acabou partindo pola metade a uns 250 km de distancia, xa que a forte oleaxe que había dificultou a operación de rescate.



300.000 voluntarios de todo o país acudiron a Galicia para colaborar na limpeza das praias, recollendo o chapapote que chegaba sen cesar coas olas do mar.



Moitos animais, sobre todo aves e peixes, sufrieron as consecuencias do vertido de petróleo que transportaba o buque *Prestige*, quedando totalmente impregnados de chapapote, tal e como se aprecia na foto.



Os pescadores e mariscadores galegos sufrieron grandes perdidas económicas, pois durante un tempo estaba prohibido pescar.

- 2. Copia este texto na túa libreta ou folio.**
- 3. Copia as seguintes preguntas e respóndeas (lembra usar maiúsculas e puntos cando sexa preciso).**

a) ¿De qué trata o texto que acabas de ler?

b) ¿Por que din que é un desastre NATURAL?

- c) ¿Cando sufriu o accidente (NON a rotura) o buque?
- d) ¿Cantos días pasaron dende que se accidentou ata que partiu pola metade?
- e) ¿Por que a operación de rescate foi tan difícil? Le ben que a resposta está no texto.
- f) ¿Tan só limpian as praias os galegos e as galegas?
- g) ¿Que era o que vertía o barco (saía do barco)?
- h) ¿Pudieron saír a pescar o 20 de novembro os mariñeiros?
- i) Se o desastre do Prestige foi no ano 2002 e agora estamos no 2020, ¿cantos anos pasaron? Debes facer unha operación.